



SECRETARIA

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO ORDINARIO DA CORPORACIÓN DO
24 DE ABRIL DO 2023.**

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o vinte e catro de abril do dous mil vinte e tres, reúnense os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas e dous minutos.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna. Gloria M^a Prada Rodriguez, D. Iban Torres Rodríguez, D^a Pilar Espinosa Novelle, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina M^a Douton Rajo, D. José Manuel Mougán Sobredo, Dna Regina López Arias, D. Guillermo Díaz Aira e D. Miguel Tomé López e D^a Margarita López Rodríguez.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. Katherinie Varela Fernández e D. Victor Manuel Rodríguez López.

Grupo Mixto:

Bloque Nacionalista Galego: D. Emilio José Sánchez Iglesias

Esperta Monforte: D. Jaime Germán Vázquez Pérez.

Secretaria accidental: D^a Elisa Martínez Arias

Interventora accidental: María Inmaculada Buján Arias

Non asiste o Concelleiro D. Manuel Rodríguez Martínez e D. Roberto Eireos Saez.

ORDE DO DÍA:

**1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR,
CORRESPONDENTE Á SESIÓN DO 27 de MARZO DO 2023.**

Sométese a votación a acta do pleno de 27 de marzo do 2023, aprobándose por unanimidade.

**2º.-DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF).
Datas das Resolucións das que se da conta: do 22.03.2023 AO 18.04.2023.**



SECRETARIA

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, da conta de Resolucíons adoptadas no período comprendido entre o 22.03.2023 e o 18.04.2023.

PARTE RESOLUTIVA

3º.-MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 22/2023: SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO NO ORZAMENTO DO CONCELLO PARA 2023

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e de D. Jaime Germán Vázquez Pérez (Grupo Mixto-ESPERTA MONFORTE) e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da Alcaldía:

"DESTINO:

CONCEPTO	IMPORTE
PONTE DE FERRO	522.292,64
OBRA PONTE DE PIÑEIRA	234.767,62
REPOSICION OBRAS URBANAS	52.500,00
URBANIZACION ZONA D	377.000,00
CONVENIO SANEAMENTO POLIGONO EJERCICIO 2023	86.556,20
ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS	110.000,00
CONTRATO REDACCIÓN NORMAS SUBSIDIARIAS POLIGONO DO REBOREDO 2023	102.245,00
OBRA EDIFICIO DUQUESA	90.000,00
CLIMATIZACION EDIFICIO DAS CASITAS	10.000,00
FESTAS PATRONAIS 2023	150.000,00
EVENTOS PROMOCION (FEIRA MEDIEVAL E ESPAZOS MUSICAIS)	70.000,00
EVENTOS PROMOCION (FESTIVAL DO VIÑO E XUDERIA)	80.000,00
PROMOCION TURISTICA (INFLUENCERS)	15.000,00
XUNTANZA DE PALILLLEIRAS 2023	40.000,00
TOTAL	1.940.361,46

Financiamento: RTGX

Mediante Decreto da Alcaldía do 28/02/2023 aprobouse a liquidación do Orzamento do Concello de 2022, na que se puxo de manifesto a obtención dun Remanente de Tesourería para Gastos Xerais dispoñible por importe de 3.349.900,95 euros dos que xa se dispuxo por importe de 1.409.539,49 euros.

O presente expediente de modificación orzamentaria mediante a modalidade de suplemento de crédito e crédito extraordinario ten a finalidade de dar cobertura ás obrigas económicas que se desprenden dos expedientes anteriormente detallados



SECRETARIA

En consecuencia, e tendo en conta a aprobación dos expedientes de modificación orzamentaria tramitados xa durante o exercicio, logo de ver o informe de Intervención que consta no expediente e considerando a inexistencia ou insuficiencia de crédito nas aplicacións orzamentarias de referencia no vixente Orzamento, segundo figura na memoria que acompaña á presente proposta, propónse ao Excmo. Concello Pleno, a adopción dos seguintes acordos:

1) Aprobar o proxecto de modificación do vixente Orzamento, mediante a súa modalidade de Suplemento de crédito e Crédito extraordinario (22/2023) co seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS			
APLICACIÓN	CONCEPTO	SUPLEMENTO DE CRÉDITO	CRÉDITO EXTRAORDINARIO
1532.619.04	PONTE DE FERRO	522.292,64	
1532.619.01	OBRA PONTE DE PIÑEIRA		234.767,62
1532.619.00	REPOSICION OBRAS URBANAS	52.500,00	
1532.619.05	URBANIZACION ZONA D		377.000,00
160.721.09	CONVENIO SANEAMIENTO POLIGONO EJERCICIO 2023	86.556,20	
920.227.06	ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS	212.245,00	
920.632.00	REPOSICIÓN EDIFICIOS	100.000,00	
334.226.09	EVENTOS PROMOCION (FESTIVAL DO VIÑO E XUDERIA)	150.000,00	
338.226.99	FESTAS PATRONAIS 2023	150.000,00	
432.226.09	PROMOCION TURISTICA (INFLUENCERS)	55.000,00	
	TOTAL	1.328.593,84	611.767,62

ESTADO DE INGRESOS		
CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
870.00	Remanente Líquido de Tesorería para Gastos Xerais	1.940.361,46

2) Expoñer este expediente ó público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Lugo polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se



SECRETARIA

durante o citado prazo non se presentaren reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.”

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez manifestando que estase diante dunha proposta que 4eles diferencias dúas cousas, as formas e o fondo, as formas lle parecen evidentemente que non van dubidar da legalidade, cren que isto é democráticamente moi pouco sen decoro, cren case rozando a indecencia porque faltando un mes para as eleccións traen aquí un suplemento de crédito parécelle pouco democrático, cren que debería ser o próximo goberno quén decida moitos destes cargos estas serían as formas. Saben que hai que pagar a ponte de Piñeira, hai que poñer limitacións porque as sinais non se están respectando e despois o da zona D, en definitiva, cren que moitas destas deberían agardar, todas as cuestións chaman a atención no tema de promoción turística eses 55.000,00 euros, hai outra partida de 15.000,00 promoción turística pon entre paréntese “influencers”, cren que hai que facer promoción turística e demáis, di que non é vía máis axeitada, iso é un pensamento que eles teñen, eles non van apoiar esta iniciativa polas formas e polo fondo.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez seguindo o que di o compañeiro de grupo, si é certo que entenden que a da ponte de Piñeira habería que facelo, o convenio, pero iste “tutum revolun” é unha indecencia, hai moitas destas cousas que saben perfectamente habería que gastar cartos para as festas patronais, a promoción da feira medieval e dos espazos musicais si que é certo que é uns presupostos suficientes contundentes, en xeral, é un pouco fóra do normal dentro de que é absolutamente legal, non é normal que vosteas se aproveiten para facer no último pleno isto.

Intervén D^a Katherinie Varela inician a súa exposición enlace cunha pregunta que fixeron neste pleno, fala da documentación deste pleno, polo tanto se agora hai uha transferencia de modificación orzamentaria, quixeran saber de que remanente se vai dispoñer cando se inicie o novo mandato. Por outra banda, hai cousas que ven neste punto que realmente deberían estar presupostadas no orzamento do 2023. Fala dunha serie de cousas, o contrato das normas subsidiarias do polígono, palilleiras, non sabe a qué vén agora esta serie de cousas, parécelle esaxerado, falas das festas de San Antonio e festas de Carude. Soamente se aposta polas festas, a feira medieval e feira do viño, que vaia todo a tres festas ao ano, non lle parece ben. Cren que xa se urbanizou o suficiente dentro da cidade, aproveitan para dicir que hai outros lugares que teñen camiños que non están ben arranxados, Fabeiro e zona da Estación. Así que por todas as cousas expostas, non poden aprobar esta modificación, cren que hai gastos que deberían estas contemplados, non lles parece adecuado a un mes dos comicios de eleccións se aprobe unha modificación destas características.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que poña vostede en dúbida que isto democraticamente é incorrecto, que el saiba os informes de secretaría e intervención son favorables, ou é que a administración hai que paraliza porque hai eleccións, por esa regra de tres párase toda, a administración segue funcionando. Iso non o pode compartir Sr. Emilio. Fala vostede de que a pouco dunhas eleccións, pois o próximo goberno o pode



SECRETARIA

cambiar, e se hai o mesmo goberno hai moito camiño andado, porque isto haberá que sometelo a exposición pública, gáñase tempo. Di vostede que hai que facer cousas en Piñeira porque respectan as sinais, nas autovías tampouco, pero a onde se vai con isto, hai máis sitios onde non respectan os sinais, fala da zona D, xa sabe que non lle gusta, aquí aprobouse no ano 2000 polo pleno do Concello unhas modificacións das Normas Subsidiarias que estivo moi ben facelo pero ninguén se atreveu a levalo a cabo, este goberno atreveuse. Logo fala vostede das “influencers” non é moi amigos das redes sociais porque mintese moito , engánase moito, que os influencers teñen importancia nas comunicacións, cando se promocionou tanto Monforte como agora, despois parece que ben a xente de turista por obra do espírito santo, polo tanto está sobradamente xustificado e parécelle moi axeitado facer a reunión de influencers en Monforte, e vai ser noticia. En relación co que dicía D. Germán que lle parecía moito para as festas patronais, el viviu época que había 1.500 persoas na explanada, hai un abarrote total durante as festas, iso supón beneficio para o comercio e a hostelería, a eles lles parece que non é un gasto senón unha inversión. Dille a D^a Katherinie que en relación a súa pregunta explicaráselle no momento das preguntas, non se van mesturar cousas, non ten sentido ningún. Quere que diga que remanente vai haber despois das eleccións, os remanentes sábese os que hai cando se liquida o orzamento de cada ano, porque así está establecido e hai que coñecelo antes do 28 de febreiro de cada ano, os remanentes poden ser positivos ou negativos, os que vai haber se saberá en febreiro do ano que ven. Agora veñen as festas patronais de Monforte de Lugo, Ponferrada, de Vigo, se falan dun sitio é por algo. E vostede di que hai cousas que deberían de estar no presuposto. Non pode haber nin euro máis de gasto que de ingreso, polo tanto hai que cadralos, hai cousas que deixan para o remanente xa, porque está recollido no presuposto, e iso se fai en tódolos presupostos do mundo. Fala de que algúns camiños non están, reta a vostede a que nunca estiveron tan ben, porque se repasaron o 100 por 100 das parroquias, debido a que algún camiño despois de quitar madeira é probable que algún estea estropeado, e logo recoméndalle debería traer vostede un guionciño, porque dicir o da praza da estación, a Praza da Estación e do ADIF, segundo a praza incluíuse no proxecto de mellora da Estación que non estaba a petición do Concello e chegará ata Calvo Sotelo, incluso as beirarrúas diante do hotel Condes de Lemos e de Drogodependencias, esas cousas debería vostede sabelas. Cando el estaba na oposición isto non se daba, aquí detallan punto por punto onde queren gastar, que despois vostede gañan as eleccións pois o cambian.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que el en ningún momento non falou que non fose legal, porque non se fixo no pasado mes, acaba de dicir vostede transparencia punto por punto, aquí fala de reposición de obras urbanas, e non fala que obras son. No tema dos influencers saben a posibilidade que é, todos utilizan as redes o que lle di para o BNG non é o xeito máis adecuado, isto é democracia o posicionamento non é o mesmo. Fala de que nas festas ven xente de todos os sitios sen influencers, non estan dicindo que non se faga promoción do turismo, o mellor son os propios turistas e a xente que visita Monforte, ese é a mellor publicidade da xente que o leve de boca a boca, incrementar ou mellorar naquelas cousas que se podan mellorar, repito que iso é o que eles entenden.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que non é que non lles guste o que gastan nas festas patronais, pero para a eles o gasto non sería así , entenderá vostede que fagan mellor,



SECRETARIA

vostede fixo as mellores festas no 2022, non di nada. Non é certo que non lles guste a zona C, parécelle ben pero as formas que o Concello se faga como promotor, non lle parece normal o da zona D, antes que todo iso podería coller eses cartos e facer o PXOM, fan unhas festas para o centro, e despois a San Antonio e Carud dalle 900 euros, fala de que en Monforte non se circula a 30 en ningún sitio. Di que eles pensan que poden facer as cousas absolutamente diferentes.

Intervén D^a Katherinie Varela di que bo tono dende o Partido Popular, se engana en calquera parte non so nas redes sociais, di que eles criticaron a execución da zona C, que se podería facer por outro sistema, non se criticou esa obra, non ll eparece a zona D, darlle unha volta á Casa da Cultura, mellora os utensilios do Cojservatorio, fala doutras necesidades máis importantes, en canto ás influencers, hoxe calquera pódese autodenominar influencers. En canto á promoción do turismo, que actos habían promocionados adicaronse os stands nos que estiveron, iso tampouco é promoción. 50% máis para as festas patronais lles parece excesivo. Por moito que lea, quere que o alcalde aclare esa pregunta. Por último, en canto á Praza da Estación, vostede asfaltou outras estradas que non son da súa titularidade, vostede debe preocuparse de todas as rúas sempre que estean dentro do termo municipal.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que non vai facer o que lle corresponde á Xunta de Galicia, pero que os traten como os demais por parte da Xunta. Dille a D^a Katherinie Varela di que en Calvo Sotelo ten as súas dúbidas da titularidade, a rúa Morín é da Xunta e mire como está a rúa Chantada tamén. Di que eles nos barrios, os de Carud levan máis deses cartos e o Campo de San Antonio tamén, e se houbera outro barrio, igual, pero ademais o Concello ten a responsabilidade das festas patronais porque son de todos, o mesmo pasa en Lugo co San Froilán, en Santiago co Apóstolo. Fala vostede da Ponte de Piñeira que xa está feita pero haberá que pagala. Fala do conservatorio, o conservatorio xa ten material novo que se acaba de mercar, di vostede que na zona C non está de acordo co sistema, como di iso, legalmente é o único que se pode facer. O de compensación se promoven os veciños e en 20 anos non o fixeron. Na zona D que é da mesma etapa nin sequera cambiaron o sistema, que se cambiou o ano pasado, diga cal, non o hai, a lei do solo di compensación ou cooperación . No presuposto para as festas son 450.000,00 euros, as festas patronais de Monforte non son para os do Centro, é onde menos xente vive, faise onde hai sitio para facela, dicir que so para o centro. Monforte ten un problema de tráfico, non sabe onde vive vostede, para el non ten un problema de tráfico. Fala vostede da sinalización, nunca se pintaron tanto os pasos como agora, gastáronse máis de 100.000,00 euros, e agora van sinalizar 30 pasos que dixo a Policía que van sinalizar todos o 100 por 100. Dille a D. Emilio porque non se fixo no mes pasado, porque non estaba preparada a documentación para levala ao pleno, por iso ven este mes. Os influencers non son so para as festas , son para todo hai que promocionar Monforte en todos os campos. Manifesta que a xente fala ben de Monforte, cidade limpa, ben coidada, cidade tranquila. Vai vostede a Madrid ou Barcelona coa limpeza que hai aquí nin do coidado, vaia vostede ao extranxeiro, en Bruselas non teñen contedores para poñer o lixo, poñen o lixo no solo, pousan bolsas que si vai rota tamén mancha. Fai poucos días foron un acto a Copenhague debería de ver vostede como estaba dende o aeroporto bolsas nas arbores daba pena, non hai nada que envidiar en temas de coidado nin en temas de limpeza.



SECRETARIA

Sometido asunto a votación apróbbase por maioría con doce votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e catro votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

4º.- SOLICITUDE DE COMPATIBILIDADE PARA SEGUNDA ACTIVIDADE NO SECTOR PÚBLICO DO PROFESOR DE SAXOFÓN DO CONSERVATORIO “MESTRE IBAÑEZ” D. ALBERTO LOUREIRO CASAS .

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e de D. Jaime Germán Vázquez Pérez (Grupo Mixto-ESPERTA MONFORTE) e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da Alcaldía:

“Antecedentes:

O 23/03/2023 con nº de rexistro 20236236 presentou D. Alberto Loureiro Casas solicitude de autorización de compatibilidade.

D. Alberto Loureiro Casas presta servizos como persoal laboral fixo deste concello, e desempeña o posto de Profesor Conservatorio Municipal Mestre Ibañez, a media xornada da Especialidade de Saxofón dende o 22/03/2023 e anteriormente como persoal laboral temporal dende o 29/09/2008.

Vista a providencia de alcaldía para incoar expediente de autorización de compatibilidade para o exercicio dun segundo posto no sector público (Concello de Verín e Escola de Música Kontrapunto) ao empregado público D. Alberto Loureiro Casas.

Procede informar:

Lexislación aplicable:

- *Lei 40/2015, de 1 Outubro. (Réxime Xurídico do Sector Público)*
- *Lei 39/2015, de 1 Outubro. (Procedemento administrativo común das administracións públicas)*
- *Lei 2/2015 de 29 Abr. CA Galicia (emprego público)*



SECRETARIA

- *DISPOSICIÓN TRANSITORIAS Disposición transitoria novena. Complemento específico e recoñecemento de compatibilidade para o exercicio de actividades privadas mentres non se introduza o complemento de posto de traballo*
- *Lei 7/1985 de 2 Abr. (bases do Réxime Local) • Artigo 92. Funcionarios ao servizo da Administración local. 1.*
- *Lei 53/1984 de 26 Dic. (incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas) • CAPÍTULO PRIMEIRO. Principios xerais a CAPÍTULO III. Actividades públicas • CAPÍTULO V. Disposicións comúns*
- *Real Decreto Lexislativo 781/1986 de 18 Abr. (texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local)*
- *Artigo 145. Real Decreto 1777/1994 de 5 Ago. (adecuación dos procedementos de xestión de persoal á LRJAP)*
- *DISPOSICIÓN ADICIONAIS Primeira. Procedementos en materia de incompatibilidades.*
- *Decreto 22/1985, do 14 de febreiro, sobre aplicación da Lei de incompatibilidades na Administración galega (DOG nº 44, do 2 de marzo de 1985).*
- *Real decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos entes, organismos e empresas dependentes (BOE nº 107, do 4 de maio de 1985).*
- *Real decreto 1558/1986, do 28 de xuño, polo que se establecen as bases xerais do réxime de concertos entre as Universidades e as Institucións sanitarias, modificado polo Real Decreto 1652/1991, do 11 de outubro (BOE nº 182, do 31 de xullo de 1997) (BOE do 21.de novembro de 1991).*
- *Disposición transitoria novena da Lei do emprego público de Galicia.*
- *Decreto 11/1995, do 20 de xaneiro, polo que se regula o réxime de percepción do complemento específico para o persoal estatutario do Sergas (DOG nº 17, do 25 de xaneiro de 1995).*
- *Decreto 165/1988, do 16 de xuño, polo que se declara de interese público, para efectos do previsto no artigo 3 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, a impartición de cursos de formación en lingua galega para os funcionarios da Comunidade Autónoma galega. (DOG nº 123, do 29 de xuño de 1988).*
- *Decreto 39/1994, do 17 de febreiro, polo que se declara de interese público a actividade realizada nas escolas de música e nos conservatorios de música dependentes dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, (DOG nº 41, 1 de marzo de 1994).*
- *Decreto 181/2006, do 19 de outubro, polo que se declara de interese público a compatibilidade de impartición de ensinos de música e artes escénicas, artes*



SECRETARIA

plásticas e deseño coa actividade realizada noutro posto de sector público cultural (DOG nº 208, do 27 de outubro de 2006).

O réxime xurídico das incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas atópase regulado pola Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo da Administración Pública; Lei esta ditada á sombra dos artigos 103.3. e 149.1.18 da Lei Fundamental que, por tanto, contén a normativa básica na materia (ex. disposición final 1ª), resultando de aplicación directa en todo o territorio nacional, aínda que pode ser complementada pola lexislación autonómica de desenvolvemento que, de ser o caso, promulgasen aquelas Comunidades Autónomas que houberen asumido nos seus Estatutos de Autonomía competencia en materia de función pública; posibilidade de creación normativa autonómica esta última que non se fixo realidade ata o de agora na Comunidade Autónoma galega no que respecto diso das incompatibilidades do persoal ao servizo do sector público refírese.

O ámbito de aplicación da Lei 53/1984 alcanza a todos os empregados públicos dependentes de calquera das Administracións Públicas territoriais (Administración Xeral do Estado, Administracións autonómicas, Administracións locais) e dos organismos públicos dependentes das mesmas, sendo que, segundo establece aquela, o persoal funcionario e laboral municipal soamente poderá desempeñar un segundo posto de traballo ou actividade no sector público nos supostos recolleitos na Lei 53/1984: cando se trate de funcións docentes ou sanitarias, cando se trate de exercer un posto como membro dunha Asemblea Lexislativa autonómica ou dunha Corporación Local (cos límites previstos na Lei) e naqueles supostos nos que, por razón de interese público, determínense polo Consello de Ministros ou órgano de goberno da Comunidade Autónoma.

Non poderá tampouco, dispón o mesmo texto normativo, autorizarse ou recoñecerse compatibilidade ao persoal funcionario, eventual ou laboral cando as retribucións complementarias que teñan dereito a percibir de conformidade co apartado b) do artigo 24 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público inclúan o factor de incompatibilidade, ao retribuído por arancel e ao persoal directivo, incluído o suxeito á relación laboral de carácter especial de alta dirección.

Así mesmo, para o exercicio da segunda actividade é necesario a obtención, con carácter previo e indispensable, dunha autorización de compatibilidade, que non supoñerá modificación da xornada de traballo e horario dos dous postos e que se condiciona ao seu estrito cumprimento en ambos.

Acta pleno da Corporación 24.04.2023



SECRETARIA

Por outra banda, como requisito para a autorización da compatibilidade esíxese que a cantidade total percibida polas dúas actividades ou funcións non supere a remuneración prevista nos Orzamentos Xerais do Estado para o cargo de Director Xeral, nin a correspondente ao principal, estimada en réxime de dedicación común, incrementada nas porcentaxes previstas no artigo 7 da Lei 53/1984. Debe terse en conta, tamén, que os servizos prestados no segundo posto non se contabilizan a efectos de trienios nin de dereitos pasivos e que as pagas extraordinarias e as prestacións de carácter familiar só poderán percibirse por un deles.

Quedan, non obstante todo o anterior, exceptuadas do réxime de incompatibilidade, as actividades numeradas e concretadas no artigo 19 da mesma Lei 53/1984.

A autorización ou denegación da compatibilidade corresponderá ao Pleno da Corporación Local na que figure adscrito o posto principal, previo informe, no seu caso, dos Directores dos Organismos, Entes e Empresas públicas. Dita autorización require tamén do informe previo e favorable do Pleno da Corporación Local conforme á adscrición do segundo posto.

Se o novo posto no sector público resulta incompatible co que viña desenrolando terá que optar o interesado por un deles dentro do prazo de toma de posesión. Se transcorre o prazo sinalado sen que se produza a elección, entenderase que se opta polo novo posto pasando á situación de excedencia voluntaria no que viña desempeñando.

Estas previsións deben ser postas, con todo, en conexión coas actuais consideracións da Disposición Transitoria Novena da Lei 2/2015, do Emprego Público de Galicia; segundo a cal:

«1. En tanto non se introduza o complemento retributivo de posto de traballo previsto por medio de lei, todas as referencias a este último entenderanse feitas ao complemento específico existente á entrada en vigor da mesma, destinado a retribuír as condicións particulares dalgúns postos de traballo en atención á súa especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, incompatibilidade, perigo ou penalidade. En ningún caso poderá asignarse máis dun complemento específico a cada posto de traballo.

O persoal interino nomeado para a execución de programas de carácter temporal ou por exceso ou acumulación de tarefas percibirá o complemento específico correspondente a un posto de traballo de nivel basee do correspondente subgrupo ou grupo de clasificación profesional.



SECRETARIA

2. En tanto non se produza a substitución do complemento específico mencionado no apartado anterior polo complemento de posto de traballo previsto por medio de lei, poderá recoñecerse, conforme ao disposto na normativa sobre incompatibilidades que resulte de aplicación, compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ao persoal que desempeñe postos de traballo que comporten a percepción de complemento específico ou concepto equiparable, sempre que a súa contía non supere o trinta por cento da súa retribución básica, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade.

No caso de que a contía de tal complemento supere o trinta por cento referido, poderá concederse a compatibilidade a condición de que a persoa interesada renuncie á percepción do complemento específico ou concepto equivalente».

En relación co expediente con referencia, que se tramita para a autorización de compatibilidade para o exercicio dun segundo posto de traballo ou actividade no sector público, en cumprimento do disposto no artigo 173 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e no artigo 3 do Real Decreto 28/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación do carácter nacional, emítase INFORME sobre a base dos seguintes,

FEITOS

PRIMEIRO.- *Mediante solicitude de fecha 23/03/2023, D. Alberto Loureiro Casas, solicitou autorización de compatibilidade para o exercicio dun segundo posto no sector público, concretamente no concello de Verín (Escola de Música Kontrapunto)*

SEGUNDO.- *Mediante Providencia de Alcaldía de data 10/04/2023 acordouse a incoación do oportuno procedemento e requiriuse a emisión de informe de Secretaría sobre a lexislación aplicable e condicións nas que pode autorizarse a compatibilidade solicitada.*

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

PRIMERA.- *A lexislación de aplicación é a seguinte: a Lei 53/1984 do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas; artigos 1, 2, 3 a10, 16 a20; o Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local; art. 145, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; art. 95 da Lei 39/2015, do 1 de Acta pleno da Corporación 24.04.2023*



SECRETARIA

outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; con carácter supletorio e o Real Decreto 1777/1994, do 5 de agosto, de adecuación das normas reguladoras dos procedementos de xestión de persoal á Lei 39/2015.

SEGUNDA.- *Respecto á compatibilidade para exercer un segundo posto ou actividade no sector público, a regra xeral, segundo o establecido no art. 3.1. da Lei 53/1984, é que "só poderá desempeñar un segundo posto de traballo ou actividade no sector público nos supostos previstos na mesma para as funcións docente e sanitaria, nos casos a que se refiren os artigos 5.º e 6.º e nos que, por razón de interese público, determínese polo Consello de Ministros, mediante Real decreto, ou órgano de goberno da Comunidade Autónoma, no ámbito das súas respectivas competencias."*

Así mesmo, o desempeño dun posto de traballo no sector público é incompatible coa percepción de pensión de xubilación ou xubilación por dereitos pasivos ou por calquera réxime de Seguridade Social público e obrigatorio. A percepción das pensións indicadas quedará en suspenso polo tempo que dure desempño do devandito posto, sen que iso afecte as súas actualizacións. Por excepción, no ámbito laboral, será compatible a pensión de xubilación parcial cun posto de traballo a tempo parcial. Así se recolle no artigo 3.2. da Lei 53/1984.

TERCEIRA.- *Os supostos exceptuados da regra xeral de incompatibilidade para desempeñar un segundo posto no sector público veñen regulados no artigo 4 da Lei 53/1984, en virtude do cal, poderá autorizarse a compatibilidade, cumpridas as restantes esixencias da citada Lei, para o desempeño dun posto de traballo na esfera docente como Profesor universitario asociado en réxime de dedicación non superior á de tempo parcial e con duración determinada.*

Así como aos Profesores de Música que presten servizo nos Conservatorios Superiores de Música e nos Conservatorios Profesionais de Música, poderá autorizarse a compatibilidade para desempño dun segundo posto de traballo no sector público cultural.

CUARTA.- *Será requisito necesario para autorizar a compatibilidade de actividades públicas que a cantidade total percibida por ambos os postos ou actividades non supere a remuneración prevista nos Orzamentos Xerais do Estado para o cargo de Director xeral, nin supere a correspondente ao principal, estimada en réxime de dedicación común, incrementada en:*



SECRETARIA

- *Un 30 por 100, para los funcionarios del grupo A o personal de nivel equivalente.*
- *Un 35 por 100, para los funcionarios del grupo B o personal de nivel.*
- *Un 45 por 100, para los funcionarios del grupo D o personal equivalente.*
- *Un 50 por 100, para los funcionarios del grupo E o personal equivalente.*
- *Un 40 por 100, para los funcionarios del grupo C o personal de nivel equivalente.*

A superación destes límites, en cómputo anual, require en cada caso acordo expreso do Goberno, órgano competente das Comunidades Autónomas ou Pleno das Corporacións Locais sobre a base de razóns de especial interese para o servizo.

QUINTA.- *Quedan exceptuadas del réxime de incompatibilidades da dita Lei as actividades seguintes:*

- *Administración do patrimonio persoal ou familiar .*
- *Dirección de seminarios, ditado de cursos ou conferencias en centros oficiais destinados á formación de funcionarios ou profesorado, sempre que non teñan carácter permanente ou habitual nin supoñan máis de 75 horas ao ano.*
- *Preparación para o acceso á función pública cando teña unha duración inferior a 75 horas ao ano. A participación en tribunais cualificadores de probas selectivas para ingreso nas Administracións Públicas.*
- *A participación do persoal docente en exames, probas ou avaliacións distintas ás que habitualmente lle correspondan.*
- *exercicio do cargo de presidente, vocal ou membro de xuntas reitoras de mutualidades ou padroados de funcionarios, sempre que non sexa retribuído.*
- *A produción e creación literaria, artística, científica e técnica, así como as publicacións derivadas daquelas, sempre que non se orixinen como consecuencia dunha relación de emprego ou de prestación de servizos.*
- *A participación ocasional en coloquios e programas en calquera medio de comunicación social. A colaboración e a asistencia ocasional a congresos, seminarios, conferencias ou cursos de carácter profesional.*

SEXTA.- *A competencia para o recoñecemento de compatibilidade para un segundo posto ou actividade no sector público corresponde ao Pleno, de acordo con o establecido no artigo 9 da Lei 53/1984 «A autorización ou denegación de compatibilidade para un segundo posto ou actividade no sector público corresponde ao Pleno da Corporación Local a que figure adscrito o posto principal».*



SECRETARIA

Dita autorización require ademais o previo informe favorable do órgano competente da Comunidade Autónoma ou Pleno da Corporación Local, conforme á adscrición do segundo posto.

SÉTIMA.- Por outra banda, debe tomarse en consideración o establecido no art. 16 da Lei 53/1984, redactado pola Disp. Final 3ª do EBEP; segundo o cal:

"1. Non poderá autorizarse ou recoñecerse compatibilidade ao persoal funcionario, ao persoal eventual e ao persoal laboral cando as retribucións complementarias que teñan dereito a percibir do apartado b) do artigo 24 do presente Estatuto inclúan o factor de incompatibilidade ao retribuído por arancel e ao persoal directivo, incluído o suxeito á relación laboral de carácter especial de alta dirección.

2. A efectos do disposto no presente artigo, a dedicación do profesorado universitario a tempo completo ten a consideración de especial dedicación.

3. Exceptúanse da prohibición enunciada no apartado 1, as autorizacións de compatibilidade para exercer como Profesor universitario asociado nos termos do apartado 1 do artigo 4.º, así como para realizar as actividades de investigación ou asesoramento a que se refire o artigo 6.º desta Lei, salvo para o persoal docente universitario a tempo completo.

4. Así mesmo, por excepción e sen prexuízo das limitacións establecidas nos artigos 1.3., 11, 12 e 13 da presente Lei, poderá recoñecerse compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ao persoal que desempeñe postos de traballo que comporten a percepción de complementos específicos, ou concepto equiparable, cuxa contía non supere o 30 por 100 da súa retribución básica, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade."

OITAVA.- En virtude de cando antecede, emito INFORME FAVORABLE en relación coa autorización da compatibilidade para exercer un segundo posto ou actividade no sector público sempre e cando non se modifique a prestación do servizo nesta Administración e supeditado ao informe que se deberá solicitar ao concello de Concello de Verín que reflectirá as características do citado posto de traballo no que se refire ás funcións para desempeñar, ás retribucións vinculadas ao mesmo e ao réxime de xornada e horarios de desempeño daquel, para quedar constatado o cumprimento dos requisitos e condicións establecidos na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao servizo das
Acta pleno da Corporación 24.04.2023



SECRETARIA

Administracións Públicas, "a autorización ou denegación de compatibilidade para un segundo posto do sector público corresponde ao Pleno da Corporación Local a que figure adscrito o posto principal. Dita autorización require ademais o previo informe favorable do órgano competente da Comunidade Autónoma ou Pleno da Corporación Local, conforme á adscrición do segundo posto".

DÉCIMO.- A xuízo do que subscribe, o traballador terá dereito a percibir as retribucións complementarias completas se a xornada a realizar na outra Administración non supera a media xornada, debendo reducirse proporcionalmente o complemento específico, en caso de exceder da mesma."

Polo que vai dito e, en base ao mesmo, propónse que o Pleno do Concello de Monforte de Lemos, adopte os seguinte ACORDO:

Primeiro- Autorizar a compatibilidade a D. Alberto Loureiro Casas para exercer un segundo posto ou actividade no sector público sempre e cando non se modifique a prestación do servizo nesta Administración e supeditado ao informe do concello de Concello de Verín que reflectirá as características do citado posto de traballo no que se refire ás funcións para desempeñar, ás retribucións vinculadas ao mesmo e ao réxime de xornada e horarios de desempeño daquel, para quedar constatado o cumprimento dos requisitos e condicións establecidos na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao servizo das Administracións Públicas, "a autorización ou denegación de compatibilidade para un segundo posto do sector público corresponde ao Pleno da Corporación Local a que figure adscrito o posto principal. Dita autorización require ademais o previo informe favorable do órgano competente da Comunidade Autónoma ou Pleno da Corporación Local, conforme á adscrición do segundo posto"

Segundo.- Solicitar informe ao Concello de Verín que reflectirá as características do citado posto de traballo no que se refire ás funcións para desempeñar, ás retribucións vinculadas ao mesmo e ao réxime de xornada e horarios de desempeño daquel, para quedar constatado o cumprimento dos requisitos e condicións establecidos na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao servizo das Administracións Públicas.

Terceiro.- A compatibilidade autorízase condicionada á correcta prestación das funcións no Concello de Monforte de Lemos, podendo ser revocada no suposto que se produza un detrimento no servizo. "



SECRETARIA

De seguido pródúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez di que despois de estudar a documentación e despois de que estes traballos fixeran as solicitudes e os servizo sténciocs do Concello, pódese facer, eles van apoiara.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que teñen informe favorable e o van apoiar. Cando dixo que no 2022 .

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que van votar a favor para que estes dous profesores podan exercer a súa profesión noutro conservatorio dado que non teñen xornada completa.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

5º.- SOLICITUDE DE COMPATIBILIDADE PARA SEGUNDA ACTIVIDADE NO SECTOR PÚBLICO DO PROFESOR DE PERCUSIÓN DO CONSERVATORIO "MESTRE IBAÑEZ" D. JOSÉ LUIS GARCÍA DÍAZ.

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e de D. Jaime Germán Vázquez Pérez (Grupo Mixto-ESPERTA MONFORTE) e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da Alcaldía:

"Antecedentes:

O 23/03/2023 con nº de rexistro 20236198 presentou D. José Luís García Díaz solicitude de autorización de compatibilidade.

D. José Luís García Díaz presta servizos como persoal laboral fixo deste concello, e desempeña o posto de Profesor Conservatorio Municipal Mestre Ibáñez, a media xornada da Especialidade de Percusión dende o 22/03/2023 e anteriormente como persoal laboral temporal dende o 18/09/2012.



SECRETARIA

Vista a providencia de alcaldía para incoar expediente de autorización de compatibilidade para o exercicio dun segundo posto no sector público (Concello de Sarria) ao empregado público D. José Luís García Díaz.

Lexislación aplicable:

- *Lei 40/2015, de 1 Outubro. (Réxime Xurídico do Sector Público)*
- *Lei 39/2015, de 1 Outubro. (Procedemento administrativo común das administracións públicas)*
- *Lei 2/2015 de 29 Abr. CA Galicia (emprego público)*
- *DISPOSICIÓN TRANSITORIAS Disposición transitoria novena. Complemento específico e recoñecemento de compatibilidade para o exercicio de actividades privadas mentres non se introduza o complemento de posto de traballo*
- *Lei 7/1985 de 2 Abr. (bases do Réxime Local) • Artigo 92. Funcionarios ao servizo da Administración local. 1.*
- *Lei 53/1984 de 26 Dic. (incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas) • CAPÍTULO PRIMEIRO. Principios xerais a CAPÍTULO III. Actividades públicas • CAPÍTULO V. Disposicións comúns*
- *Real Decreto Lexislativo 781/1986 de 18 Abr. (texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local)*
- *Artigo 145. Real Decreto 1777/1994 de 5 Ago. (adecuación dos procedementos de xestión de persoal á LRJAP)*
- *DISPOSICIÓN ADICIONAIS Primeira. Procedementos en materia de incompatibilidades.*
- *Decreto 22/1985, do 14 de febreiro, sobre aplicación da Lei de incompatibilidades na Administración galega (DOG nº 44, do 2 de marzo de 1985).*
- *Real decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos entes, organismos e empresas dependentes (BOE nº 107, do 4 de maio de 1985).*
- *Real decreto 1558/1986, do 28 de xuño, polo que se establecen as bases xerais do réxime de concertos entre as Universidades e as Institucións sanitarias, modificado polo Real Decreto 1652/1991, do 11 de outubro (BOE nº 182, do 31 de xullo de 1997) (BOE do 21.de novembro de 1991).*
- *Disposición transitoria novena da Lei do emprego público de Galicia.*



SECRETARIA

- *Decreto 11/1995, do 20 de xaneiro, polo que se regula o réxime de percepción do complemento específico para o persoal estatutario do Sergas (DOG nº 17, do 25 de xaneiro de 1995).*
- *Decreto 165/1988, do 16 de xuño, polo que se declara de interese público, para efectos do previsto no artigo 3 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, a impartición de cursos de formación en lingua galega para os funcionarios da Comunidade Autónoma galega. (DOG nº 123, do 29 de xuño de 1988).*
- *Decreto 39/1994, do 17 de febreiro, polo que se declara de interese público a actividade realizada nas escolas de música e nos conservatorios de música dependentes dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, (DOG nº 41, 1 de marzo de 1994).*
- *Decreto 181/2006, do 19 de outubro, polo que se declara de interese público a compatibilidade de impartición de ensinos de música e artes escénicas, artes plásticas e deseño coa actividade realizada noutro posto de sector público cultural (DOG nº 208, do 27 de outubro de 2006).*

O réxime xurídico das incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas atópase regulado pola Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo da Administración Pública; Lei esta ditada á sombra dos artigos 103.3. e 149.1.18 da Lei Fundamental que, por tanto, contén a normativa básica na materia (ex. disposición final 1ª), resultando de aplicación directa en todo o territorio nacional, aínda que pode ser complementada pola lexislación autonómica de desenvolvemento que, de ser o caso, promulgasen aquelas Comunidades Autónomas que houberen asumido nos seus Estatutos de Autonomía competencia en materia de función pública; posibilidade de creación normativa autonómica esta última que non se fixo realidade ata o de agora na Comunidade Autónoma galega no que respecto diso das incompatibilidades do persoal ao servizo do sector público refírese.

O ámbito de aplicación da Lei 53/1984 alcanza a todos os empregados públicos dependentes de calquera das Administracións Públicas territoriais (Administración Xeral do Estado, Administracións autonómicas, Administracións locais) e dos organismos públicos dependentes das mesmas, sendo que, segundo establece aquela, o persoal funcionario e laboral municipal soamente poderá desempeñar un segundo posto de traballo ou actividade no sector público nos supostos recolleitos na Lei 53/1984: cando se trate de funcións docentes ou sanitarias, cando se trate de exercer un posto como membro dunha Asemblea Lexislativa autonómica ou dunha Corporación Local (cos límites previstos na Lei) e naqueles



SECRETARIA

supostos nos que, por razón de interese público, determínense polo Consello de Ministros ou órgano de goberno da Comunidade Autónoma.

Non poderá tampouco, dispón o mesmo texto normativo, autorizarse ou recoñecerse compatibilidade ao persoal funcionario, eventual ou laboral cando as retribucións complementarias que teñan dereito a percibir de conformidade co apartado b) do artigo 24 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público inclúan o factor de incompatibilidade, ao retribuído por arancel e ao persoal directivo, incluído o suxeito á relación laboral de carácter especial de alta dirección.

Así mesmo, para o exercicio da segunda actividade é necesario a obtención, con carácter previo e indispensable, dunha autorización de compatibilidade, que non supoñerá modificación da xornada de traballo e horario dos dous postos e que se condiciona ao seu estrito cumprimento en ambos.

Por outra banda, como requisito para a autorización da compatibilidade esíxese que a cantidade total percibida polas dúas actividades ou funcións non supere a remuneración prevista nos Orzamentos Xerais do Estado para o cargo de Director Xeral, nin a correspondente ao principal, estimada en réxime de dedicación común, incrementada nas porcentaxes previstas no artigo 7 da Lei 53/1984. Debe terse en conta, tamén, que os servizos prestados no segundo posto non se contabilizan a efectos de trienios nin de dereitos pasivos e que as pagas extraordinarias e as prestacións de carácter familiar só poderán percibirse por un deles.

Quedan, non obstante todo o anterior, exceptuadas do réxime de incompatibilidade, as actividades numeradas e concretadas no artigo 19 da mesma Lei 53/1984.

A autorización ou denegación da compatibilidade corresponderá ao Pleno da Corporación Local na que figure adscrito o posto principal, previo informe, no seu caso, dos Directores dos Organismos, Entes e Empresas públicas. Dita autorización require tamén do informe previo e favorable do Pleno da Corporación Local conforme á adscrición do segundo posto.

Se o novo posto no sector público resulta incompatible co que viña desenrolando terá que optar o interesado por un deles dentro do prazo de toma de posesión. Se transcorre o prazo sinalado sen que se produza a elección, entenderase que se opta polo novo posto pasando á situación de excedencia voluntaria no que viña desempeñando.



SECRETARIA

Estas previsións deben ser postas, con todo, en conexión coas actuais consideracións da Disposición Transitoria Novena da Lei 2/2015, do Emprego Público de Galicia; segundo a cal:

«1. En tanto non se introduza o complemento retributivo de posto de traballo previsto por medio de lei, todas as referencias a este último entenderanse feitas ao complemento específico existente á entrada en vigor da mesma, destinado a retribuír as condicións particulares dalgúns postos de traballo en atención á súa especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, incompatibilidade, perigo ou penalidade. En ningún caso poderá asignarse máis dun complemento específico a cada posto de traballo.

O persoal interino nomeado para a execución de programas de carácter temporal ou por exceso ou acumulación de tarefas percibirá o complemento específico correspondente a un posto de traballo de nivel basee do correspondente subgrupo ou grupo de clasificación profesional.

2. En tanto non se produza a substitución do complemento específico mencionado no apartado anterior polo complemento de posto de traballo previsto por medio de lei, poderá recoñecerse, conforme ao disposto na normativa sobre incompatibilidades que resulte de aplicación, compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ao persoal que desempeñe postos de traballo que comporten a percepción de complemento específico ou concepto equiparable, sempre que a súa contía non supere o trinta por cento da súa retribución básica, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade.

No caso de que a contía de tal complemento supere o trinta por cento referido, poderá concederse a compatibilidade a condición de que a persoa interesada renuncie á percepción do complemento específico ou concepto equivalente».

En relación co expediente con referencia, que se tramita para a autorización de compatibilidade para o exercicio dun segundo posto de traballo ou actividade no sector público, en cumprimento do disposto no artigo 173 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e no artigo 3 do Real Decreto 28/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación do carácter nacional, emítase INFORME sobre a base dos seguintes,

FEITOS



SECRETARIA

PRIMEIRO.- *Mediante solicitude de fecha 23/03/2023, D. José Luís García Díaz, solicitou autorización de compatibilidade para o exercicio dun segundo posto no sector público, concretamente no concello de Sarria.*

SEGUNDO.- *Mediante Providencia de Alcaldía de data 10/04/2023 acordouse a incoación do oportuno procedemento e requiriuse a emisión de informe de Secretaría sobre a lexislación aplicable e condicións nas que pode autorizarse a compatibilidade solicitada.*

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

PRIMERA.- *A lexislación de aplicación é a seguinte: a Lei 53/1984 do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas; artigos 1, 2, 3 a10, 16 a20; o Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local; art. 145, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; art. 95 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; con carácter supletorio e o Real Decreto 1777/1994, do 5 de agosto, de adecuación das normas reguladoras dos procedementos de xestión de persoal á Lei 39/2015.*

SEGUNDA.- *Respecto á compatibilidade para exercer un segundo posto ou actividade no sector público, a regra xeral, segundo o establecido no art. 3.1. da Lei 53/1984, é que "só poderá desempeñar un segundo posto de traballo ou actividade no sector público nos supostos previstos na mesma para as funcións docente e sanitaria, nos casos a que se refiren os artigos 5.º e 6.º e nos que, por razón de interese público, determínese polo Consello de Ministros, mediante Real decreto, ou órgano de goberno da Comunidade Autónoma, no ámbito das súas respectivas competencias."*

Así mesmo, o desempeño dun posto de traballo no sector público é incompatible coa percepción de pensión de xubilación ou xubilación por dereitos pasivos ou por calquera réxime de Seguridade Social público e obrigatorio. A percepción das pensións indicadas quedará en suspenso polo tempo que dure desempño do devandito posto, sen que iso afecte as súas actualizacións. Por excepción, no ámbito laboral, será compatible a pensión de xubilación parcial cun posto de traballo a tempo parcial. Así se recolle no artigo 3.2. da Lei 53/1984.

TERCEIRA.- *Os supostos exceptuados da regra xeral de incompatibilidade para desempeñar un segundo posto no sector público veñen regulados no artigo 4 da Lei 53/1984, en virtude Acta pleno da Corporación 24.04.2023*



SECRETARIA

do cal, poderá autorizarse a compatibilidade, cumpridas as restantes esixencias da citada Lei, para o desempeño dun posto de traballo na esfera docente como Profesor universitario asociado en réxime de dedicación non superior á de tempo parcial e con duración determinada.

Así como aos Profesores de Música que presten servizo nos Conservatorios Superiores de Música e nos Conservatorios Profesionais de Música, poderá autorizarse a compatibilidade para desempeñoo dun segundo posto de traballo no sector público cultural.

CUARTA.- *Será requisito necesario para autorizar a compatibilidade de actividades públicas que a cantidade total percibida por ambos os postos ou actividades non supere a remuneración prevista nos Orzamentos Xerais do Estado para o cargo de Director xeral, nin supere a correspondente ao principal, estimada en réxime de dedicación común, incrementada en:*

- Un 30 por 100, para los funcionarios del grupo A o personal de nivel equivalente.*
- Un 35 por 100, para los funcionarios del grupo B o personal de nivel.*
- Un 45 por 100, para los funcionarios del grupo D o personal equivalente.*
- Un 50 por 100, para los funcionarios del grupo E o personal equivalente.*
- Un 40 por 100, para los funcionarios del grupo C o personal de nivel equivalente.*

A superación destes límites, en cómputo anual, require en cada caso acordo expreso do Goberno, órgano competente das Comunidades Autónomas ou Pleno das Corporacións Locais sobre a base de razóns de especial interese para o servizo.

QUINTA.- *Quedan exceptuadas del réxime de incompatibilidades da dita Lei as actividades seguintes:*

- Administración do patrimonio persoal ou familiar .*
- Dirección de seminarios, ditado de cursos ou conferencias en centros oficiais destinados á formación de funcionarios ou profesorado, sempre que non teñan carácter permanente ou habitual nin supoñan máis de 75 horas ao ano.*



SECRETARIA

- *Preparación para o acceso á función pública cando teña unha duración inferior a 75 horas ao ano. A participación en tribunais cualificadores de probas selectivas para ingreso nas Administracións Públicas.*
- *A participación do persoal docente en exames, probas ou avaliacións distintas ás que habitualmente lle correspondan.*
- *exercicio do cargo de presidente, vocal ou membro de xuntas reitoras de mutualidades ou padroados de funcionarios, sempre que non sexa retribuído.*
- *A produción e creación literaria, artística, científica e técnica, así como as publicacións derivadas daquelas, sempre que non se orixinen como consecuencia dunha relación de emprego ou de prestación de servizos.*
- *A participación ocasional en coloquios e programas en calquera medio de comunicación social. A colaboración e a asistencia ocasional a congresos, seminarios, conferencias ou cursos de carácter profesional.*

SIXTA.- *A competencia para o recoñecemento de compatibilidade para un segundo posto ou actividade no sector público corresponde ao Pleno, de acordo con o establecido no artigo 9 da Lei 53/1984 «A autorización ou denegación de compatibilidade para un segundo posto ou actividade no sector público corresponde ao Pleno da Corporación Local a que figure adscrito o posto principal».*

Dita autorización require ademais o previo informe favorable do órgano competente da Comunidade Autónoma ou Pleno da Corporación Local, conforme á adscrición do segundo posto.

OITAVA.- *Por outra banda, debe tomarse en consideración o establecido no art. 16 da Lei 53/1984, redactado pola Disp. Final 3ª do EBEP; segundo o cal:*

"1. Non poderá autorizarse ou recoñecerse compatibilidade ao persoal funcionario, ao persoal eventual e ao persoal laboral cando as retribucións complementarias que teñan dereito a percibir do apartado b) do artigo 24 do presente Estatuto inclúan o factor de incompatibilidade ao retribuído por arancel e ao persoal directivo, incluído o suxeito á relación laboral de carácter especial de alta dirección.

2. A efectos do disposto no presente artigo, a dedicación do profesorado universitario a tempo completo ten a consideración de especial dedicación.

3. Exceptúanse da prohibición enunciada no apartado 1, as autorizacións de compatibilidade para exercer como Profesor universitario asociado nos termos do apartado 1 do artigo 4.º, así como para realizar as actividades de investigación ou asesoramento a que se refire o artigo 6.º desta Lei, salvo para o persoal docente universitario a tempo completo.



SECRETARIA

4. Así mesmo, por excepción e sen prexuízo das limitacións establecidas nos artigos 1.3., 11, 12 e 13 da presente Lei, poderá recoñecerse compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ao persoal que desempeñe postos de traballo que comporten a percepción de complementos específicos, ou concepto equiparable, cuxa contía non supere o 30 por 100 da súa retribución básica, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade."

OITAVA.- En virtude de cando antecede, emito INFORME FAVORABLE en relación coa autorización da compatibilidade para exercer un segundo posto ou actividade no sector público sempre e cando non se modifique a prestación do servizo nesta Administración e, supeditado ao informe que se deberá solicitar ao concello de Concello de Sarria que reflectirá as características do citado posto de traballo no que se refire ás funcións para desempeñar, ás retribucións vinculadas ao mesmo e ao réxime de xornada e horarios de desempeño daquel, para quedar constatado o cumprimento dos requisitos e condicións establecidos na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao servizo das Administracións Públicas, "a autorización ou denegación de compatibilidade para un segundo posto do sector público corresponde ao Pleno da Corporación Local a que figure adscrito o posto principal. Dita autorización require ademais o previo informe favorable do órgano competente da Comunidade Autónoma ou Pleno da Corporación Local, conforme á adscrición do segundo posto".

DÉCIMO.- A xuízo do que subscribe, o traballador terá dereito a percibir as retribucións complementarias completas se a xornada a realizar na outra Administración non supera a media xornada, debendo reducirse proporcionalmente o complemento específico, en caso de exceder da mesma."

Polo que vai dito e, en base ao mesmo, propónse que o Pleno do Concello de Monforte de Lemos, adopte os seguinte ACORDO:

Primeiro- Autorizar a compatibilidade a D. José Luis García Díaz para exercer un segundo posto ou actividade no sector público sempre e cando non se modifique a prestación do servizo nesta Administración e supeditado ao informe do concello de Concello de Sarria que reflectirá as características do citado posto de traballo no que se refire ás funcións para desempeñar, ás retribucións vinculadas ao mesmo e ao réxime de xornada e horarios de desempeño daquel, para quedar constatado o cumprimento dos requisitos e condicións establecidos na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao servizo das Administracións Públicas, "a autorización ou denegación de compatibilidade para un segundo posto do sector público corresponde ao Pleno da Corporación Local a que figure
Acta pleno da Corporación 24.04.2023



SECRETARIA

adscrito o posto principal. Dita autorización require ademais o previo informe favorable do órgano competente da Comunidade Autónoma ou Pleno da Corporación Local, conforme á adscrición do segundo posto”

Segundo.- Solicitar informe ao Concello de Sarria que reflectirá as características do citado posto de traballo no que se refire ás funcións para desempeñar, ás retribucións vinculadas ao mesmo e ao réxime de xornada e horarios de desempeño daquel, para quedar constatado o cumprimento dos requisitos e condicións establecidos na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao servizo das Administracións Públicas.

Terceiro.- A compatibilidade autorízase condicionada á correcta prestación das funcións no Concello de Monforte de Lemos, podendo ser revocada no suposto que se produza un detrimento no servizo. “

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

6º.- MOCIÓN DE ESPERTA MONFORTE! A FAVOR DA PEONALIZACIÓN DA PONTE MEDIEVAL E A PARALIZACIÓN DA PRETENDIDA CONSTRUCCIÓN DUNHA NOVA PONTE NO LUGAR DA ACTUAL PASARELA ENTRE O PASEO DO MALECÓN E O BARRIO DE RANVERDE.

O ditame é favorable á moción, cun voto a favor do concelleiro D. D. Jaime Germán Vázquez Pérez (Grupo Mixto-ESPERTA MONFORTE) e nove abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e de e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

- 1.-A reorganización do tráfico rodado entre a zona de San Antonio, Ramberde e a súa contorna e se paralice de forma inmediata o tráfico rodado pola Ponte Medieval, pasando a ser peonil.*
- 2.- Se manteña a actual pasarela, coas conseguintes melloras que necesite de mantemento e accesibilidade e se paralice de forma inminente a pretensión de construír a ponte rodada no lugar desta.*
- 3.- Que se fagan todos os medios precisos coas administracións implicadas, para continuar coa actual estrada de circunvalación ata a N-120, aproveitando a ponte que enlazaría por debaixo das actuais instalacións da Escola Taller coa estrada de Sober que serviría como enlace da parte sur da cidade.”.*

De seguido prodúcese as seguintes intervencións:



SECRETARIA

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dando lectura á moción.

Intervén D. Emilio José Sánchez manifestando que non hai moito máis que engadir a esta proposta, non vai valorar en absoluto o momento en qué se trae, hai que lembrar que falta un mes para as eleccións, e isto condicionado as cousas todas, di que eles están de acordo coas tres propostas, aínda que a terceira non depende deles. Di que dende o BNG xa se trouxo mocións de que habería que facer un estudo do tráfico, fala de incremento do tráfico ás veces chégase a colapsar, no tocante á ponte vella, xa o teñen dito máis veces, cando se pecha pola feira medieval non pasa nada todo o mundo da a volta, isto é o que hai que facer, buscar a fórmula de regular o tráfico, cando traiga vostede os “influencers” e vexa que hai tráfico pola ponte, a súa opinión e de cortar o tráfico para protexala.

Intervén D^a Katherinie Varela dille a D. Germán que eles xa lle adelantaron o de votar por puntos, eles están a favor do punto 2 e do punto 3, o adecuado é desviar o tráfico do centro, non lles parece adecuado unha ponte no Malecón. En canto a que se paralice o tráfico pola ponte medieval, parécelle moi radical, hai veciños que lles preocupa esa paralización do tráfico, debería facerse dun xeito máis progresivo, o di porque non haxa controversia cos comerciantes. No punto primeiro sería unha abstención, no 2 e 3 votarían a favor.

Intervén D. Ibán Torres dille a D. Germán que unha vez máis que trae aquí a ponte. Esperaban algo máis novedoso e algo con máis contido, vostede se repite unha vez máis e como despedida se queda un pouco pobre. Fala duha falta de ideas e inactividade. Di que eles van recuperar a ponte de ferro, o levaban nas anteriores eleccións e o van continuar co seu proxecto e é unha promesa que fixeron a todos os que lle votaron. Polo tanto o paseo do Malecón vai que dar con todo o seu encanto, non o dúbide, xa verá como a ponte será como unha sinal de identidade de Monforte. o tráfico do centro da cidade reducirase. Ademáis esta ponte vai posibilitar a conservación dun monumento importantísimo como é a ponte medieval. Este monumento vaise poñer en alza e o van facer, eles cumpren as súas promesas, non se agote máis con este tema, o tema en sí mesmo esgotado, eles teñen claro o que queren facer e o van facer. Van rexeitar a súa moción unha vez máis das moitas que trouxo aquí insistindo co tema.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que se os monfortinos lle dan a súa confianza, eles non cren que haxa que vir aquí con grandes contidos, vostede no vive na rúa Corredoira, como van facer entre a casa do Patiño entre a Casa da Ana Isabel, meter 14 de fondo, que nunca un elefante entrou polo cu dunha agulla, parécelle absolutamente denigrante pola súa parte que é unha perda de tempo, eles están representando a unha cantidade de monfortinos que o abalan, ríase o que queira. Non quere faltarlle ao respecto pero dille que o seu tempo vale o



SECRETARIA

mesmo que o seu, eles poden defender a moción que queiran, non poden dicir que teñen que traer.

Intervén D. Emilio José Sánchez cando falaba antes o Sr. Alcalde que estivo en Copenhague vostede viu como andan en bicicleta e como estaba rexistrinxido o tráfico no centro, como protexen os seus monumentos e iso é ir en camiño de promocionar o turismo. O seu posicionamento é votar a favor. Dille a D^a Katherinie ou se corta ou se deixa como está, cre que hai que pechalo ao tráfico que non é un trauma, é cuestión de habituarse igual que se habitúan a outras cousas.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que vostede D. Germán se adica a repetirse. Vostede ven aquí co mesmo que contou tres veces. Non se alporice nin perda o tono. Vanlle votar que non, se vostede quere seguir malgastando o seu tempo, pero que saiba que vai ser que non.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que poden votar o que queiran. A moción hai que votala completa.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que quere deixar as cousas claras. Di que eles son serios e levan isto no programa no 2019, e iniciaron os trámites para facelo e o levan no programa do 2023. Di que máis o menos se sabe quen vota ao PP, quen vota ao PSOE e quen vota ao BNG, hai xente do PP que apoia a ponte, que quede claro o levaron antes iniciaron os trámites e o levaran. Aquí o PP levou máis anos que el, pero non eran tan valentes para pechar a ponte. A ponte peonil si, por suposto pero cunha alternativa para a mobilidade dos cidadáns e para os servizos públicos, se se quita o tráfico desa alternativa todos teñen que ir á ponte nova e, por outra banda, a ponte nova de ferro recupera a súa historia, a ponte nova saca tráfico do centro, porque a ponte vella so mete tráfico só a rúa Hortas, quitan o tráfico do centro, iso está estudado e non fixo el o estudo. Gústalle moito iso de Salvemos o Malecón porque o Malecón esta salvado, porque o Malecón o salvaron eles cando gobernaban en coalición, daqueles fíxose unha poda de rebaixe, desapareceron os estorninos, o céspede que ten agora o Malecón o puxeron eles. A actual pasarela de madeira na zona do Malecón xa non se pasa, non hai paso para a xente, hai que subir a rúa, que se estropea aí, así que é cambiar unha cimentación por outra, gustaríalle que alguén lle explicara en qué se estraga. Fai un tempo había quen levaba no seu programa a circulación xiratoria ao redor do monte de San Vicente, eles non o levan porque cren que hai que facilitarlle a vida á xente, eles van facilitar a vida á xente. Aquí pode haber xente que intenta retrasar iso, e sobre todo agora, quen diga que non vai ter que dicir en qué perxudica iso ao casco histórico, eles van cumprir a palabra. Non sabe quen lle dixo a vostedes que se ían tirar dúas casas, e que non é necesario o proxecto non contempla derribar unha casa. Mellor transporte público non o hai, porque é gratis accesible, e non hai



SECRETARIA

porque telo, e sen embargo o temos, beneficia á xente maior e a rapaces que non teñen carnet.

Sometido o asunto a votación rexéitase por maioría con once votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e catro votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

7º.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA A APROBACIÓN DA XESTIÓN DIRECTA POLO CONCELLO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

O ditame é favorable á moción, cos dous votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e oito abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e dos concelleiros do Grupo Mixto, e de e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

“Que o Servizo de Axuda o Fogar do Concello de Monforte de Lemos pase a ser xestionado de forma directa polo propio Concello asumindo as empregadas como propias do concello e dirixido pola persoa que asuma a concellería de Servizos Sociais, concellería que debería ser exclusiva sen ser compartida con outras competencias”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Katherinie Varela comenta que haberá votantes do Partido Popular que estarán a favor da ponte do Malecón e tamén hai votates do Partido Socialista que están en contra. Continúa dando lectura á moción.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que eles defenden os servizos públicos. O Servizo de axuda no fogar ten que ser un bo servizo e unhas condicións laborais xustas, saben que ter máis rendible, pero é curioso que o Partido Popular traiga esta iniciativa. 6 de cada 10 centros de día son privados, 8 de cada 10 prazas son privadas, eles apostan de que sexa o Concello porque é a forma máis rápida. Fai un ano promoveuse unha iniciativa no Parlamento onde se pretendía crear un sistema público que integre unha rede pública que integre, SAF, Centros de Día, etc, aquí querer meter os Concellos, fagan uns servizos públicos de calidade dende a administración competente que é a Xunta de Galicia, iso chámase aproveitar os recurso que hai para facer isto. Di que eta iniciativa a apoian, son conscientes de que hai que facer algo, hai un país envellecido, aproveitemos os recursos, iso fai que dende a administración competente pasarlle á pelota ao Concello, uns a teñen pública outros a teñen privado, e tamén se ve como funcionan, parece que a actividade privada prevalece a economía sobre o servizo.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que continuamente levan pedidon a remunicipalción dun montón de servizos di que van votar favorablemente a esta moción, pero hai que recoñecer que isto é un mundo ao revés, o PSOE defender que como eles non o



SECRETARIA

privatizaron non van facer nada, isto que presentan é igual de chocante, é certo que se leva todo este mandato co problema no servizo de axuda a domicilio, bastantes veces defenderon o 3,5 % de incremento despois o 6% , cren que están mellor xestionados polo Concello, este tema é superimportante e vostedes traen agora a adxudicación de urxencia, que casualmente non o tiñan o mércores, eles van apoiar esta moción.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que lle da a razón a D. Emilio. Esta moción ten un tufillo pestilente, porque vostede está faltando á verdade. Cando vostede pode facelo dunha soa maneira pero non lle da a gana. O servizo de axuda no fogar esta privatizado na maioría dos Concellos independente da cor política, sabe o que sucede din o que lle conveñen en cada sitio. O servizo de axuda no fogar leva externalizado dende o 2005, que fixeron vostedes do PP para parar iso. Vostede explicoulle que esas persoas que si se remunicipaliza esas persoas poderían perder os seus traballos porque terían que concursar con outras persoas que veñan de fóra, explicoulle iso vostede. Se en realidade ten esta preocupación, porque non xestiona ante a Xunta de Galicia que incorpore a estes traballadores ao Consorcio Galego de Benestar, e solucionaríaa a vida laboral e persoal desta xente. Ten unha falta de descoñecemento absoluto dos servizos Sociais. Vir aquí a dicir que se remunicipalice cando a Xunta non cumpre. O servizo de axuda a domicilio vaise levar ata o final tratar de que unha empresa o xestione, porque non se dirixe aos compañeiros da Xunta, o demáis é un conto que ven contar aquí.

Intervén D^a Katherinie Varela manifesta que ao Sr. Emilio lle custa apoiar a iniciativa do Partido Popular, entón en canto ao que lle din ao tema das empregadas, ela entenden que as empregadas o saben que se fai un concurso e iso non ten porque implicar que esas traballadoras perdan o seu traballo. Porque non fan unha proposta para que sexa a Xunta de Galicia ou o Consorcio, non viu que o fixeran vostedes. Sen embargo, vostedes non presentaron ningunha proposta nin moción en catro anos, non teñen ningún interese, é moi sinxelo dicir iso para defenderse, é un servizo moi importante e cren que debería ser competencia dunha soa persoa, unha xestión directa e unha concellalía única de servizos Sociais.

Intervén D. Emilio José Sánchez manifesta non lle costa votar algo a favor do Partido Popular, dixo porque o facía. Vostede a título persoal no pleno pode defendelo, pero o Partido Popular é antítese da xestión pública, e explicou antes con cifras, a cuestión está clara, non poña de exemplo o Concello de Pantón, hai Concellos que o xestionan ben, outros regular e outros horrible.

Intervén D. Ibán Torres non fai falla alporizarse, isto que comenta vostede de que sae a xente, si que o saben. Isto é o mesmo que o da piscina, o único que din é que se teñen que facer algún exame, e moito máis sinxelo darllo a unha empresa como TRAGSA, non pode valer para unha cousa e para outra non.

Intervén D. Ibán Torres dille a D^a Katherinie que lle explica aos compañeiros da Xunta e vostede di que o fagamos nós. Non se pode xogar así con a vida da xente. A súa pregunta é que xestións realizou vostede ante a Xunta de Galicia ou polo menos neste caso. Diga unha que reverterá, porqué non xestiona ante a Xunta e fai que estes traballadores pasen ao



SECRETARIA

Consortio, iso si sería en beneficio deles incluso en beneficio dos usuarios, non ten nada que ver con esta perogrullada de última hora que trae aquí, iso é un flaco favor que vostede lles fai, porque iso supón a perda do traballo das persoas. Gustaríalle saber e ten claro que vostede non moveu ningún fio ante a Xunta de Galicia, a pregunta é que defende vostede aquí.

Intervén D^a Katherinie Varela di que ela non se entende ofendida, non escoitou insultos cara ela, senón cara outros. Di que ela non é alcaldesa, o que ten que pedir cousas ás administracións é o alcalde, terá que falar coas diferentes administracións e ver o que necesita delas. Non sabe si vostede D. Ibán non entende que o Partido Popular siga dependendo do Concello, por iso non se pida á Xunta o xestione, os que queren son vostedes, queren a xestión directa do concello, son vostedes os que queren desfacerse do servizo, non cre que haxa máis que aclarar.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que os Concellos están aportando moitas competencias impropias, se vostede le o Estatuto de Autonomía de Galicia e a lei de servizos Sociais de Galicia que é feita polo seu partido pón claramente que os servizos Sociais son exclusivos da Xunta e senón cambien a lei. Parece ser que se van clarificar as competencias entre autonomías e administración local. Non hai lista de espera porque non se van poñer máis fondos dos que xa se poñen, a xunta 11,5 €/h porque o concello paga 20 €, da a Xunta os cartos para outras cousas, o que cobra do canon de saneamento devolve algo, de verdade vostedes de que van, xa está ben. Os datos son 1.725.000,00 euros, se reparten a Xunta 800.000,00 representa o 46% ata o 60% vai u 13%, os usuarios aportarán 270.000,00 o 15,6% o concello 638.000,00 o 38% aparte doutros gastos que non están no concurso, que veña vostede aquí cando o PP privatiza todo incluído a Sanidade. Nunca tan mal estivo a sanidade e agora ven en plan comunista querendo que xestionen todo, resulta que o seu partido fai o contrario do que di aquí, este é un acto electoral, vostrede sabe que se está tramitando un concurso, sabe vostede que se agora se da marcha atrás habería que indemnizar ás empresas, dase conta do que está dicindo, e senón infórmese co Secretario e co Interventor. Que as traballadoras non poden pasar da empresa ao Concello sen un proceso de selección é así. O que di vostede de Pantón e por proceso de estabilización, precisamente o Concello de Pantón non é un exemplo de moitas cousas. Claro que piden, hai un organismo que se chama Fegamp que pide que se suba o que paga de axuda a domicilio, todos os Concellos piden iso, o que pasa e que ían a coller a xente de drogodependencias ían pasar para o Sergas, levan anos esperando que iso se faga realidade, non fixeron nin caso, pode poñer cincuenta mil exemplos, fala vostede que quere un concelleiro con dedicación exclusiva para servizos Sociais, vostedes ao inicio do mandato votaron en contra de tres dedicacións para este Concello, sabe o que se fixo non se utilizaron as tres, di que el non cobra do Concello, hai que sair dos despachos, moverse, xestionar, a terceira dedicación non se utiliza, pero vostedes votaron en contra, en Saviñao no mandato pasado había catro con dedicación no Concello de Saviñao, se se utilizara esa proporción canto habería en Monforte. Hai que falar dos traballadores da piscina, axudaron a manter os postos de traballo durante a pandemia, houbo un ERTE non foi ningún á rúa, senón que se completou a nómina ata o 100% despois os mantiveron cunha empresa pública como é TRAGSA. Di que non se pode enganar á xente, agora mesmo se está tramitando un concurso que rematará pronto, e dende logo aquí os únicos que lle



SECRETARIA

romperon contratos ás empresas foi este goberno, por exemplo, á empresa da piscina, á empresa que facía o parque do hospital, valle de lemos igual, agora o parque da compañía, saíulle mal o caucho e obrigouselle a poñer caucho novo a coste cero para o Concello, se a empresa non cumpre estarán vixiantes.

Sometido o asunto a votación rexéitase por maioría con dez votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e catro votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

Procédese á votación da inclusión por urxencia a Proposta de Clasificación Servizo de Axuda no fogar co seguinte resultado: con once votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal Socialista e D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG) e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Jaime Germán Vázquez Pérez (Grupo Mixto-Esperta Monforte).

8º.- INFORME PROPOSTA CLASIFICACIÓN SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (EXPTE 003-SERPA23).

“ANTECEDENTES

1. Providencia da Concelleira de Servizos Sociais de data 14.02.2023, na que se dispón que se leven a cabo todas as actuacións que resulten oportunas para a contratación ata a súa formalización, de conformidade coa lexislación vixente, por procedemento aberto e regulación harmonizada, do Servizo de Axuda no fogar, cunha duración de 3 anos e por un importe de 5.540.750,90 €.

2. Aprobación do expediente de contratación por acordo do Pleno da Corporación de data 27.02.2023.

3. Mesas de contratación, celebradas os días 14 e 24.02.2023, nas que se procedeu a apertura da documentación administrativa (sobre 1), a documentación técnica (memorias sobre 2) e á de criterios automáticos (Sobre 3) resultando a seguinte clasificación:

	LICITADOR	PUNTOS CRITERIO 12.1 (OFERTA)	PUNTOS CRITERIO 12.2	PUNTOS CRITERIO 12. 3	TOTAL	ORD E
1	ATTENDE CARE, S.L.	36	46,46	10	92,46	1
2	OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS S.L	15	50	9,75	74,75	3
3	UTE - SIAD24 GALICIA SL- PROTECCION GERIATRICA	23	46,30	10	79,30	2



CONSIDERACIÓNS JURÍDICAS

Primeiro.- O artigo 150 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,(en adiante LCSP) sinala o seguinte:

“1. La mesa de contratación o, en su defecto, el órgano de contratación clasificará, por orden decreciente, las proposiciones presentadas para posteriormente elevar la correspondiente propuesta al órgano de contratación, en el caso de que la clasificación se realice por la mesa de contratación.

Para realizar la citada clasificación, se atenderá a los criterios de adjudicación señalados en el pliego, pudiéndose solicitar para ello cuantos informes técnicos se estime pertinentes. Cuando el único criterio a considerar sea el precio, se entenderá que la mejor oferta es la que incorpora el precio más bajo. (...)

2. Una vez aceptada la propuesta de la mesa por el órgano de contratación, los servicios correspondientes requerirán al licitador que haya presentado la mejor oferta, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 145 para que, dentro del plazo de diez días hábiles, a contar desde el siguiente a aquel en que hubiera recibido el requerimiento presente la documentación justificativa de las circunstancias a las que se refieren las letras a) a c) del apartado 1 del artículo 140 si no se hubiera aportado con anterioridad, tanto del licitador como de aquellas otras empresas a cuyas capacidades se recurra, sin perjuicio de lo establecido en el segundo párrafo del apartado 3 del citado artículo; de disponer efectivamente de los medios que se hubiese comprometido a dedicar o adscribir a la ejecución del contrato conforme al artículo 76.2; y de haber constituido la garantía definitiva que sea procedente. Los correspondientes certificados podrán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos o telemáticos, salvo que se establezca otra cosa en los pliegos.

De no cumplimentarse adecuadamente el requerimiento en el plazo señalado, se entenderá que el licitador ha retirado su oferta, procediéndose a exigirle el importe del 3 por ciento del presupuesto base de licitación, IVA excluido, en concepto de penalidad, que se hará efectivo en primer lugar contra la garantía provisional, si se hubiera constituido, sin perjuicio de lo establecido en la letra a) del apartado 2 del artículo 71.

En el supuesto señalado en el párrafo anterior, se procederá a recabar la misma documentación al licitador siguiente, por el orden en que hayan quedado clasificadas las ofertas.”

Segundo.- A competencia para contratar, de conformidade co previsto no apartado 1 da D.A. Segunda da LCSP, o órgano competente para contratar é o Pleno da Corporación.

SECRETARIA

Por canto antecede, elévase ao Pleno a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

1º.- APROBAR a proposta de clasificación formulada pola Mesa de contratación no expediente 003-SERPA22 – Servizo de Axuda no Fogar.

2º.- REQUIRIR á ATTENDE CAR SL para que no prazo de DEZ DÍAS HÁBILES presente no Rexistro xeral deste Concello a documentación á que fai referencia a cláusula Vixésima do PCAP. Así mesmo, en idéntico prazo deberá acreditar a constitución na Tesourería municipal da garantía definitiva (5%) do importe da súa oferta IVE EXCLUÍDO.

3º.- DELEGAR, ao amparo da D.A. Segunda da LCSP, na Xunta de Goberno Local todos os trámites posteriores para a adxudicación e formalización do presente contrato.”

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez di que eles votaron a favor da urxencia porque así o fixeron durante os catros anos de mandato, co respecto á aprobación non poden votar a favor nin en contra o tempo foi o xusto, di que vaise abster, no punto terceiro habería que valorar si se fai si se delega, ou cando se aprobe despois de facer os traballos os técnicos, pódese deixar para o último pleno, o descoñece.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que eles vanse abster porque non teñen coñecemento de nada, si é certo que efectivamente xa está todo despois do último pleno extraordinario quedou todo ao amparo da Xunta, non sabe cales serán os pasos seguintes, será todo absolutamente legal.

Intervén D^a Katherinie Varela di que cando presentaron a esta moción non tiñan coñecemento das ofertas que había nesta licitación. Agora teñen coñecemento de que houbo ofertas, e ela considera que habería que desistir do procedemento, habería unha indemnización dos gastos incurridos polas empresas pola licitación. Quería explicar o motivo porque eles trouxeron a moción. A concelleira que tivo o goberno do PP, compatibilizaba a súa profesión coa concellalía de servizos sociais, lembra que a xestión hai que pagala, entón se fose necesario por suposto que se pagaría, en canto reprochan que lle piden á Xunta de Galicia que aumenten a súa aportación, tampouco se pode olvidar a porcentaxe do Estado.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que a urxencia é que hoxe foi a segunda mesa ás nove da mañá, nesa mesa veuse de coñecer a valoración técnica da memoria e despois abriuse o sobre económica, e outras valoracións que automáticas, resultou en primeiro lugar ATTENDE CARE, se se fai o que di D. Emilio isto chegaría a xullo. Cre que non deben esperar a retrasar tanto, por iso o motivo de delegar na Xunta de Goberno. Evidentemente que é legal, están os informes favorables, non hai dúbida.



SECRETARIA

Intervén D. Emilio José Sánchez a mesa de contratación celebrouse o 24, lembrar que no concello de Boiro e Noia o persoal do servizo de axuda no fogar subrogouse da empresa privada ao Concello descoñece como o fixeron, fai escasamente mes e medio.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez manifesta que estas presas levan catro anos, trouxeron isto e parecíalle fenomenal un incremento do 3,5% e despois do 6% e parécelles fenomenal.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con once votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e catro tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

Intervén o Sr. Alcalde dando lectura á sete denegacións de subvencións, denegación de subvención para fachadas, para mellora de infraestruturas dos servizos municipais, outra do fondo de compensación ambiental, para equipamentos do salón de actos da Casa da Cultura, para acondicionamento de cubertas e outros elementos construtivos que supoñan impacto paixaxístico, para diversar oferta cultural en áreas urbanas, para o polígono industrial, ampliación do aparcadoiro están en lista de espera, non é unha denegación pero tampouco é unha aprobación. Isto é a título informativo.

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

9º.- INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA (23.03.23 e 29.03.23, 19.04.23).

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

10º.- DACIÓN DE CONTA DE APROBACIÓN LIQUIDACIÓN 2022.

Dáse conta do decreto 2023/265 de aprobación do plan da liquidación 2022 para dar cumprimento ao establecido no artigo 38 do Real Decreto 424/2017, do 27 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno do Sector Público Local.

11º.- DACIÓN DE CONTA DA APROBACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN PARA O 2023.

Dáse conta do decreto 2023/579 de aprobación do plan de acción da alcaldía para o ano 2023 para dar cumprimento ao establecido no artigo 38 do Real Decreto 424/2017, do 27 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno do Sector Público Local.

12º.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGO ESPERTA MONFORTE RE 8355

Acta pleno da Corporación 24.04.2023



SECRETARIA

Incluir no seu programa a creación dunha nova gardería ou o incremento de prazas na actual ben sexa con cartos da Xunta ou asumindo competencias impropias con cartos do presuposto municipal.

Resposta o Sr. Alcalde xa é para nota que vostede queira facer o programa electoral do Partido Socialista e depois outra cousa, rógelle á xunta de Galicia quén é quén ten a competencia. O concello non vai poñer máis cartos para unha competencia que é da Xunta de Galicia.

PREGUNTA ESPERTA MONFORTE RE 8356

Que altura está prevista que alcance a antena de telefonía móbil do edificio da rúa Roberto Baamonde núm. 35.

Resposta o Sr. Alcalde que o Concello non deu ningunha licenza porque non é necesario que se dea licenza para iso, senón está de acordo para iso están os técnicos, hai cousas que superan o ámbito municipal, de todas maneiras os metros que vai ter 4,63 sobre o tellado. Non hai licenza municipal porque non é necesario dala.

PREGUNTAS PARTIDO POPULAR RE 8490

O pasado mes de xaneiro se presente ante o Pleno da Corporación municipal o informe de control financeiro das actuacións realizadas no 2022 no que destaca o elevado importe de ingresos de dubidoso cobro e tamén os pendentes de cobro, motivo polo cal se establecen unha serie de recomendacións e se inclúen unha serie de actuacións de control, entre elas ata tres tipos de auditorías. A día de hoxe ¿en qué punto están de cumprimento de todas estas recomendacións.

Resposta o Sr. Alcalde que el non vai facer o seu traballo.

No Pleno de este mes se no presenta a liquidación do orzamento do 2022, no cal se inclúe, no remanente 3.241.757,49 € de importe de ingresos de dubidoso cobro, tendo en conta a modificación orzamentaria que se pretende aprobar neste mesmo pleno, ¿cal é o importe de remanente que realmente queda disponible para o concello?

Resposta o Sr. Alcalde que el non vai facer o seu traballo. Estes incrementos de dubidoso cobro obedece a que os técnicos de intevención recomentan sempre incrementar algo o posible incobro non quere dicir que non se vaia cobrar. Estas cousas chámanlle os técnicos “prudencia económico financeira”, faise unha



SECRETARIA

previsión, si previsiblemente non se cobran hai que telo previsto. Da lectura a un texto do Sr. Interventor. Vostede D^a Katherinie minte, o que vostede non sabe é que a parte dos 3 millóns hai 4 que hai adiantados para obras, a zona C, o IDAE, xa volven a estar en 6 ou 7 millóns de remanentes. Fala que os informes 2021, 2022 e 2023 os ten vostedes, e sabe o que pasa que sinceramente ou vostede xa se esqueceu, porque mire aquí cando vostede fala das conclusións vostede quixo quitar de contexto cousas que non son. Non hai ningún tipo de oscurantismo.

ROGO "IN VOCE " DO BNG

Recollida do lixo no entorno rural e no paseo do río . que se tomen medidas con iso e que se traballe para que isto non volva a suceder.

Resposta o Sr. Alcalde manifiesta que se comprobará que si é verdade que non se recolle ben o lixo no rural e que non se recollen as papeleiras hai que correxilo.

PREGUNTA "IN VOCE " DO BNG

Queren saber onde está o tractor que tiña o Concello para desbrozar e que foi del.

Resposta o Sr. Alcalde manifestando que coa modificación do contrato co servizo de limpeza o tractor vello está aí, hai o servizo a través do contrato de FCC de limpeza porque é a realidade.

Como hoxe é o último pleno ordinario se lles parece daría uns minutos para que cada un exprese o que queira.

Intervén D. Emilio José Sánchez 24 de abril data imponente para os veciños portugueses fai 49 anos sería unha revolución, dende este escaño fíxose unha oposición humilde, pasando por un momento complicado cun concelleiro so, foi para todos coa pandemia. Di que eles baseanse nese 24 de abril na fraternidade en cada esquina teñen un amigo, quere pedir disculpas se alguén se lle faltou persoalmente, e agradecer aos concelleiros así como o personal do concello o trato que se fixo a este concelleiro dende intervención, rexistro, os encargados da prensa do Concello, en definitiva a todos os funcionarios do concello.

Intervén D^a Katherinie Varela dicir que dende a súa posición dun xeito humilde intentaron traer as propostas melloras para os veciños, pedir disculpas polos compañeiros que no estiveron, agradece ao alcalde non tomara decisión máis drásticas. Grazas.



SECRETARIA

Intervén D. Ibán Torres pedir disculpas se nalgún momento polas circunstancias e polo flagor do debate puideron sentir incómodos. Aquí todos o que están representan os intereses dos cidadáns, desexa sorte a todos.

Intervén o Sr. Alcalde en primeiro lugar agradecer aos funcionarios que soportan neste pleno, independemente de quén este presente, intervención e secretaria, agradecer a súa estoicidade, ás veces escoitan debates que vaia por deus, aos medios de comunicación, agradecer o seu traballo, tamén ao público que lles acompañou neste salón de plenos, cun compartamento esquisito das persoas, quere agradecer a todos os concelleiros/as do partido que sexan a súa compasión, disculpar aquilo no que se puideron equivocar e logo dicir que intentou levar os plenos da mellor maneira posible sen perxudicar a ninguén, e logo os debates acalorados quedan aquí, desexar o mellor, saúde primeiro, en todo caso o que importa é o aspecto persoal. Grazas a todos/as.

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde levanta a sesión sendo as dez horas e corenta e catro minutos do expresado día, de todo o cal, como Secretario, certifico.

Vº e Pce.

O Alcalde,